CURSO
NIVEL MEDIO
FACILITACIÓN
DE GRUPOS

XANEIRO - SETEMBRO 2027

Allariz (Ourense)

ORGANIZA:

subúrbia
formaçom- investigaçom-facilitaçom
transfeminista
suburbia@tutamail.com

Amigas da Terra

ACREDITA:

iiface
instituto de facilitación y cambio

A Facilitación é unha metodoloxía que nos permite acompañar aos grupos para apoiar a súa calidade de vida.

A Facilitación de Grupos ten unha mirada holística da vida, ecosistémica, entendendo que aquelo que acontece nos grupos ten que ver cos individuos que o compoñen, coa suma das súas interaccións e co contexto socio-histórico no que se atopan. Por iso, cada grupo é único e en cada grupo habita unha inmensa diversidade.

Neste momento de crise ecosocial no que nos atopamos, consideramos que termos ferramentas que axuden a entendernos como especie e como comunidade é fundamental ante a necesidade de afrontar a crise sistémica na que estamos e a construcción de alternativas sostíbeis e saudábeis ao modelo actual para todos os seres do planeta.

O Curso de Nivel Medio de Facilitación de Grupos concíbese como unha continuación do Curso Básico e é unha formación para afondar nas ferramentas, técnicas e habilidades que aporta a Facilitación de Grupos para as persoas que acompañan ou habitan grupos no seu cotiá.

A colectiva de facilitación e formación con mirada transfeminista Subúrbia e a organización ecoloxista Amigas da Terra, compremetidas cun cambio de paradigma no noso modelo de relacionarnos, organizan este curso de nivel medio que fai parte do currículum formativo do IIFACe (Instituto de Facilitación y Cambio, iifface.org), quen acredita esta formación.

Este curso estrutúrase en 8 módulos presenciais que terán lugar entre xaneiro e setembro de 2027 no espazo multidisciplinar d'A Casa Vella, en Allariz (Ourense).

PERSOAS DESTINATARIAS

O Curso de Nivel Medio está destinado a aquelas persoas que tiveran cursado o Nivel Básico e queiran seguir aprendendo e integrando a práctica facilitadora nas súas vidas.

ESPECIALMENTE DIRIXIDO A PERSOAS QUE:

- Teñen interese en profundizar e gañar consciencia sobre as relacións e os procesos interpersoais, grupais e intrapersoais.
- Traballan ou teñen interese no ámbito da educación social, traballo social, docencia formal e informal, psicoloxía, cooperativismo, activismo social, ecoloxismo, traballo coa infancia e xuventude, traballo con colectivos e grupos marxinalizados, mediación, coordinación de equipas de traballo, participación cidadá, traballo comunitario...
- Forman xa parte dalgunha asociación, colectivo, cooperativa, grupo activista ou organización.
- Acreditan noutro xeito de estar no mundo no que entender e traballar as dinámicas de poder e os privilexios faise imprescindible para acabar coas desigualdades sociais.
- Queren contribuir a un cambio de paradigma no que a vida, os coidados e a sustentabilidade estean no centro.

OBXECTIVOS

O Curso de Nivel Medio de Facilitación de Grupos é unha formación orientada a afondar na práctica da facilitación de grupos integrando e afinando as habilidades e ferramentas persoais das persoas participantes.

OS OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE DESTA FORMACIÓN SON:

- Acadar solvencia e profesionalidade nas competencias da facilitación.
- Desenvolver e afianzar as habilidades e metahabilidades persoais como facilitadore.
- Practicar ferramentas de facilitación nun espazo de aprendizaxe supervisado.
- Afondar nos contidos teóricos máis relevantes da facilitación de grupos.

Para acadar estes obxectivos:

- Afondarase en cada módulo en contidos teóricos relativos á facilitación de grupos.
- Practicarase a facilitación con ferramentas axeitadas para cada un dos catro espazos grupais: Gobernanza e toma de decisións; Indagación e creatividade; Xestión emocional e o potencial do conflicto; Cohesión e conexión.
- Capacitarase ás participantes no desenvolvemento da súa actividade profesional a través do deseño de intervencións de facilitación (análise, diagnóstico, proposta de intervención e facilitación).

METODOLOXÍA

O Curso de Nivel Medio é unha experiencia formativa baseada na aprendizaxe a través da práctica e da experimentación.

Empregaremos a técnica coñecida como CAO (Classroom as Organization, *a clase como unha organización*), onde o grupo de participantes funcionará como unha organización coa súa propia visión e obxectivos, que desenvolverán ao longo de todo o curso.

O grupo organizarase en subgrupos de aprendizaxe colaborativa, que se irán rotando na facilitación dos diferentes espazos grupais e na xestión da axenda da fin de semana, así como en dar coherencia ao conxunto das actividades do módulo que lles toque liderar.

O feedback é un dos aspectos máis relevantes nesta formación. As formadoras supervisarán os traballos e as prácticas facilitadoras dos grupos e apoiarán na arte de dar e recibir feedback.

ESTRUTURA

O Curso de Nivel Medio de Facilitación de Grupos estrutúrase en 8 módulos presenciais entre os meses de xaneiro e setembro de 2027.

A duración total do curso é de 150 horas formativas, distribuídas do seguinte xeito:

- 120 horas presenciais [8 módulos de 15 horas cada un]
- 30 horas de traballo persoal (individual e en grupos de aprendizaxe colaborativa).

Cada módulo contará coa seguinte estrutura:

PRÁCTICAS DE FACILITACIÓN:

Durante cada módulo, os subgrupos (grupos de aprendizaxe colaborativa) practicarán e afondarán na facilitación empregando ferramentas axeitadas para cada un dos 4 espazos grupais:

1. Gobernanza e toma de decisiones
2. Indagación e creatividade
3. Xestión emocional e o potencial do conflito
4. Cohesión grupal e celebración

Despois das intervencións, os subgrupos reciben feedback personalizado por parte das formadoras, que aportarán elementos prácticos e teóricos para a aprendizaxe baseada na experiencia.

ESTUDOS DE CASO:

Adicarase tamén tempo á análise, diagnóstico e deseño de intervencións de casos reais traídos polas propias persoas participantes. Esta parte ocupará un máximo de 2 horas en cada módulo.

TEORÍA:

En cada módulo afondarase a nivel teórico naqueles aspectos que teñan sido identificados polo propio grupo ao longo do curso como elementos que poidan precisar de maior reflexión e aportación teórica por parte das persoas formadoras.

No primeiro módulo presentarase a teoría sobre diagnóstico e deseño de intervencións.

TRABALLO ENTRE MÓDULOS E DIARIO PERSOAL:

O traballo entre módulos consiste en preparar as prácticas de facilitación que lle corresponda a cada subgrupo levar adiante en cada un dos módulos, polo que será preciso que os subgrupos se organicen para traballar e preparar as súas intervencións.

Cada participante contará cun diario persoal no que rexistrará o seu proceso de aprendizaxe (ideas, situacións ou experiencias vividas relacionadas coa facilitación) así como a preparación do deseño das intervencións ao longo de todo o curso. Este diario poderá facerse en calquera soporte creativo que es participantes estimen. O diario é persoal e somentes haberá que acreditar a súa existencia (sen ter que entregar o contido pormenorizado do mesmo) á coordinadora da formación.

DATAS, HORARIOS E LOCALIZACIÓN

DATAS

MÓDULO 1: 16-17 DE XANEIRO

MÓDULO 2: 20-21 DE FEBREIRO

MÓDULO 3: 13-14 DE MARZO

MÓDULO 4: 9-10 DE ABRIL

MÓDULO 5: 1-2 DE MAIO

MÓDULO 6: 5-6 DE XUÑO

MÓDULO 7: 3-4 DE XULLO

MÓDULO 8: 18-19 DE SETEMBRO

HORARIOS

SÁBADOS:

De 10 a 14h

De 16 a 20h

DOMINGOS:

De 9:30 a 13:30h

De 15 a 17:30h

LOCALIZACIÓN

Os módulos terán lugar en A Casa Vella, un espazo artístico e multidisciplinar na aldea de Amiadoso (Allariz).
https://acasavella.gal/

EQUIPO FORMATIVO



CONCHI PIÑEIRO
COORDINADORA E FORMADORA

Licenciada en Ciencias Ambientais e Doutora en Educación Ambiental.
Gran parte da súa traxectoria está vinculada á cooperativa Altekio, da que é cofundadora. Na actualidade traballa en FUHEM. Como investigadora conta con numerosas publicacións.
Apaixoada do comunitario e o colectivo, ademais de ter formación ambiental, é facilitadora experta en xestión de conflitos, indagación, deliberación e toma de decisións.
Diplomada en Traballo de Procesos e Democracia Profunda. Cofundadora do IIFACe.
Conta con experiencias significativas en varios países. Leva máis de 25 anos participando en diferentes movementos sociais e comunitarios.
A natureza e a leitura son dous dos seus refuxios. Vive nun pobo da Serra Oeste madrileña e ten dous fillos.



ALICIA COMENGE SEGARD
FORMADORA

Hai anos tiven a sorte de ir descubrindo aquelo que me entusiasma: as persoas, os seus procesos e as relacións que se establecen.
Ao longo da miña vida precisei comprender como funcionan os equipos, os soños, as súas dificultades, os seus automatismos, os seus retos... e por iso, sen ser moi consciente do por que, comecei a formarme e a dotarme de diferentes ferramentas e metodoloxías.
Diagnostiquei, deseñei e facilitei equipos e colectivos de diversa índole: empresas, cooperativas ou asociacións en ámbitos rurais e urbanos.
Acompañei grupos en distintas situacións e necesidades: plans estratéxicos, cambios na estrutura de gobernanza, creación de novos horizontes e valores, distensión de conflitos, mellora da comunicacIón...
Levo tempo acompañando individuos no seu camiño de profesionalización e mellora como persoas, grazas ás miñas formacións e, sobre todo, ao meu propio percorrido e aprendizaxe de vida, que non cesa.



MARÍA MAIO ROSENDO PRIEGO
FORMADORA

Nacín en Vigo hai 42 anos. Apaixóanme os grupos como sistemas vivos que son, asi como a diversidade e riqueza que habita neles.
Gústame acompañar procesos complexos e momentos desafiantes, e honrar as vulnerabilidades e as marxes que todes levamos dentro. Acompaño persoas e grupos desde a metodoloxía de Traballo de Procesos e desde unha mirada ecotransfeminista do mundo.
Además diso, son educadora social, máster en xénero, diplomada en Psicoloxía Orientada a Procesos e facilitadora de grupos acreditada polo IIFACe.
Fago parte da colectiva de facilitación e investigación transfeminista Subúrbia.
Desde o ano 2019 convivo cunha enfermidade ambiental e grazas a ela a miña mirada e a miña loita ecoloxista é máis activa e consciente.

INFORMACIÓN ECONÓMICA

PREZOS

A formación ten un prezo único de 1300€ (100€ matrícula + 1200€ curso completo).

PAGOS

Os prazos para o pagamento do curso son os seguintes:

- 1º pago: antes do 30 novembro (400€)
- 2º pago: antes do 10 xaneiro (400€)
- 3º pago: antes do 10 marzo (500€)

ASISTENCIA A MÓDULOS SOLTOS

En caso de ter que recuperar un módulo do Nivel Medio e sempre que fiquen prazas disponíbeis, pódese asistir a calquera dos 8 módulos.
O prezo para os módulos soltos é de 165€

BONIFICACIÓNS

- A formación pode ser bonificada de xeito total ou parcial, a través de Fundae, para todas aquelas persoas traballadoras por conta allea e nas que as súas empresas coticen por elas no réxime xeral da Seguridade Social.
- Esta bonificación non se aplica a persoas funcionarias nin autónomas.
- Prazo de solicitude: atá 10 días antes do comezo do curso.
- Se pensas que podes obtar á bonificación do curso, ponte en contacto con nós: facilitacion@amigasdaterra.net

CANCELACIÓNS

O curso concíbese como unha unidade pedagóxica. Unha vez formalizada a inscrición, hai un compromiso de abonar a totalidade do prezo do curso nos prazos estabelecidos.

A baixa voluntaria do curso non exime do pagamento do importe completo da formación.

Se a formación se cancela por motivos organizativos, os importes abonados serán 100% reembolsados.

Para calquera circunstancia excepcional, contacta con nós.

ORGANIZACIÓN E CONTACTO

> ORGANIZAN:



SUBÚRBIA

Subúrbia é un espazo de facilitación, formación e investigación transfeminista que nace no ano 2016 para apoiar a traer unha ollada feminista aos procesos grupais.
Experimentamos e partillamos ferramentas para despatriarcalizar espazos e relacións.
Facilitamos a construción colectiva de estratexias de resiliencia e emancipación.
Acreditamos que non hai transformación social posíbel sen grupos capaces de ollar de fronte aos retos para poder avanzar, sendo quen de facer ligar na mesma masa os compoñentes produtivo, reprodutivo e afectivo para así poder levedar.
Acompañamos os procesos vivos dos grupos camiñando lado a lado para apoiar na construción de culturas grupais radicadas na equidade, o bo trato e a saúde.

Amigas da Terra

AMIGAS DA TERRA

Amigas da Terra é unha organización que ten como eixo vertebral o eco-feminismo. A nosa misión é fomentar os cambios locais para acadar obxectivos globais. Procuramos unha sociedade máis xusta e solidaria, que respecte o medio ambiente. Queremos un mundo onde todos os seres vivos e pobos vivan con dignidade e harmonía coa natureza. Os eixos principais de actuación da asociación son a reivindicación e o activismo así como a sensibilización e a educación ambiental.

> ACREDITA:

iiface
instituto de facilitación y cambio

IIFACe

Esta formación está acreditada polo IIFACe e correspóndese co Nivel Medio dunha formación ampla de tres niveis en Facilitación de Grupos.

Os requisitos para dar por finalizado o Nivel Medio son:

1. Ter completado o Nivel Básico.
2. Ter participado activamente nos 8 módulos, na mesma promoción ou en distinto tempo en promocións distintas acreditadas polo IIFACe.
3. Ter cofacilitado a lo menos en 4 ocasións ao longo dos módulos, nos 4 espazos grupais.
4. Contar cun diario persoal no formato que escolla cada persoa.

En caso de que se produza algunha desconformidade nalgún momento do curso, o alumnado poderá poñer en coñecemento do IIFACe o que entenda que poderían ser tanto cuestionamentos á calidade da formación como posibles faltas ao código ético do IIFACe por parte das persoas formadoras en calquera módulo do Nivel Medio, a través do correo: sabias@iiface.org

> MÁIS INFORMACIÓN E CONTACTO:

Email: facilitacion@amigasdaterra.net

Teléfono: (+34) 600.051.041



Amigas da Terra